



TRÁMITE: Certificado do acordo.

José Luis Mato Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Pontevedra, CERTIFICO que, na sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o día 27.06.2023, adoptouse o seguinte ACORDO que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

“6.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN POR URXENCIA. DETERMINACIÓN DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS. 2023/DOTAGRUP/000001.

A urxencia da inclusión deste asunto foi ratificada ao inicio da sesión plenaria.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos membros presentes (20), presta a súa aprobación á proposta da Alcaldía de data 20.06.2023 e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.- De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 1 de abril, asígnase aos tres grupos políticos municipais a seguinte dotación económica mensual, para o seu adecuado funcionamento, con cargo ó presuposto municipal:

- Cantidade fixa mensual: 2.700 euros para cada un dos grupo políticos municipais.
- Cantidade variable mensual en función do número de concelleiros que integran o grupo político municipal: 300 euros por cada membro do grupo.

A citada dotación económica ten natureza de subvención nos termos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en relación coa Disposición Adicional segunda da LO8/2007 de 4 de xullo sobre financiamento dos partidos políticos. Considéranse beneficiarios desta subvención os grupos políticos municipais legalmente constituídos.

Segundo.- As dotacións económicas asignadas aboaranse na conta designada por cada grupo político municipal, grupo que deberá comunicar un código de identificación fiscal propio e levar unha contabilidade específica da dotación, que terá a disposición do Pleno da Corporación no caso de que lla requira para a súa fiscalización.

No que atinxe aos gastos financiáveis, así como a súa xustificación, estarase ao disposto nas bases de execución orzamentaria, ou específicas aprobadas ao efecto.

En todo caso as devanditas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións do persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Cuarto.- Adoptaranse as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarias se as dotacións existentes resultaren insuficientes e anualmente consignarase cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas do cumprimento deste acordo

Quinto.- O presente acordo, no marco do art. 8 da Lei 19/2013, de Transparencia e Bo Goberno, publicarase na web ou sede electrónica municipal mentres dure o réxime establecido; así como no BOP segundo o art. 45 da Lei 39/2015. Isto con independencia da publicidade que correspondese con arranxo á normativa sobre subvencións, de ser o caso.”





E para que conste, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), expido a presente certificación, visada polo Alcalde, en Pontevedra ao día da sinatura.

